



Memoria económica e de transparencia do convenio entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o concello de As Neves para a concesión dunha subvención directa ao proxecto senlleiro de sinalización da ruta de sendeirismo: "Ruta arqueolóxica Taboexa-Rubiós" dentro da categoría de "promoción e posta en valor da contorna natural da comarca".

Expediente: CNV25-12

PRIMEIRO.- Antecedentes e obxectivos

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, Axencia) creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

A Axencia quere promover e poñer en valor no ámbito rural galego o patrimonio histórico, a recuperación da terra agraria, a vida social, cultural e educativa, a contorna natural e os produtos agroalimentarios, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida e a cohesionar a vida social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións interesantes dende o punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica, da





potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio.

De conformidade co disposto nesta normativa, compete a Axencia, entre outras funcións:

- Elaborar estratexias e plans integrados de valorización do medio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e conten coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados.
- Artellar proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos ao reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.
- Promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais
- Contribuír ao reforzamento del tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.
- Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e á fixación de poboación nas áreas rurais.

A Axencia, no marco das súas competencias e dentro das súas accións estratéxicas, ven apoiando, mediante axudas directas a través de convenios, baixo a denominación de "proxectos senlleiros", diversas actuacións por entender que concorren nelas as características de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.

Coa finalidade de prever, con carácter xeral, os requisitos para a concesión deste tipo de axudas, o 20 de abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobou o Acordo polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_04_28_acordo_proxectossenlleiros.pdf), modificado por acordo do 7 de novembro de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural polo que se modifica a regra 4ª "Entidades beneficiarias dos proxectos senlleiros" onde se engade como entidade beneficiaria dos proxectos senlleiros as Comunidades de montes veciñais en man común (punto 4.2 do Acordo) (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_11_7_certificadosenlleiros.pdf). A regras deste Acordo conceptúan como proxectos senlleiros as actuacións sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á conservación de dúas finalidades esenciais: Mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.





SEGUNDO.- Xustificación do interese público e social, singularidade e excepcionalidade e da non concorrencia pública da actuación proposta .

Nos termos previstos no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria. A Axencia e o concellos son conscientes da necesidade de favorecer a contorna rural, a preservación do patrimonio que alberga e a promoción do seu potencial turístico e económico, de xeito que se mellore tanto a calidade de vida da poboación, mediante unha adecuación oferta no ámbito do ocio, o deporte, a cultura, e/ou sectores produtivos e se preste unha completa gama de servizos básicos que melloren as condicións de socialización e interrelación das parroquias rurais de Galicia dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas para elo e mellorar a estrutura do territorio para fixar a poboación do rural galego.

- Interese público e social: O 23 de abril de 2025 o concello de As Neves presentou unha solicitude de colaboración a esta Axencia para o financiamento dun proxecto senlleiro dentro da categoría de "Promoción e posta en valor da contorna natural da comarca". Xunto coa solicitude achegou unha memoria valorada para a sinalización da ruta de sendeirismo: "Ruta arqueolóxica Taboexa-Rubiós".

O sendeirismo é unha actividade en auge que fomenta o turismo sostible, permitindo o contacto directo coa natureza sen xerar un impacto ambiental significativo. Contribúe á descentralización do turismo, promovendo a chegada de visitantes a zonas menos masificadas e permitindo unha distribución equitativa dos beneficios económicos. Ademais, fomenta un modelo de turismo responsable, no que os viaxeiros buscan experiencias auténticas e respectuosas coa contorna.

A creación deste roteiro arqueolóxico posicionará ao concello como un destino atractivo para visitantes interesados no sendeirismo, ecoturismo e patrimonio, promovendo estancias prolongadas e o goce de actividades complementarias.

Así mesmo, este proxecto contribuirá a dinamizar a economía local mediante o impulso de negocios vinculados ao turismo rural, como aloxamentos, restaurantes, guías turísticos e comercios, entre outros. Ao potenciar a economía local e fortalecer a identidade cultural, tamén se contribuirá á rexeneración da nosa comunidade rural, impulsando a revitalización de tradicións e a recuperación de espazos en desuso.

- Singularidade e excepcionalidade: O exposto no proxecto destaca polo súa singularidade así como o seu valor patrimonial e natural. Os petróglifos datan da





Idade de Bronce: Castro de Altamira, Fental da Minada, Morgallón ou Coto Ribado. Rectángulos, zigzags, coviñas, labirintos ou espirais gravados da Coutada que debuxan todo un mundo simbólico de gran importancia patrimonial.

A necesidade manifesta do concello xustifica a creación deste roteiro arqueolóxico que o colocará como un destino atractivo para visitantes interesados no sendeirismo, ecoturismo e patrimonio, promovendo estancias prolongadas e o goce de actividades complementarias.

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrencia pública para a realización desta actuación é dada a necesidade de atender áreas específicas como a promoción e posta en valor da contorna natural da comarca. Neste caso o proxecto presentado polo concello de As Neves para a sinalización da ruta de sendeirismo: "Ruta arqueolóxica Taboexa-Rubiós xustifícase en que nos atopamos ante un espazo público que combina turismo, patrimonio e desenvolvemento económico nun modelo sostible. A súa implementación fortalecerá o tecido socioeconómico local, atraerá a visitantes interesados en experiencias auténticas e contribuirá á conservación e promoción do noso territorio como un destino de calidade.

Ademais, debido ao carácter puntual ou ocasional deste tipo de apoio e á vista das características concretas das actuacións previstas, non parece adecuado articular estas axudas a través dunha convocatoria pública, sendo a subvención directa a través de convenio a fórmula que máis se adapta á natureza destas axudas.

Polo tanto, a subvención directa decídese en base a criterios obxectivos que foron fixados mediante o Acordo do Consello de Dirección de Agader do 20 de abril de 2022 polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros en canto as posibles entidades beneficiarias das axudas, os concellos, como ás actividades a subvencionar. En concreto, na regra 3.-Categorías de proxectos senlleiros, sinala que os proxectos financiados a través do programa deberán pertencer a algunha das categorías que se sinalan. O proxecto que nos propón o concello encádrase na seguinte categoría e características:

D) Promoción e posta en valor da contorna natural da comarca.

Os proxectos senlleiros deste tipo deben reunir algunha das seguintes características:

- a. (...)
- b. Mellorar a restauración, a conservación, a protección, o coñecemento, a divulgación ou o uso sustentable do patrimonio natural.





TERCEIRO.- Financiación

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o concello de As Neves queren levar a cabo un convenio para a concesión dunha subvención directa para o proxecto arriba referenciado por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 15.11.2025 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires de 01 de xaneiro de 2025.

- PROXECTO "A sinalización da ruta de sendeirismo: "Ruta arqueolóxica Taboexa-Rubiós" dentro da categoría de promoción e posta en valor da contorna natural da comarca.
- ORZAMENTO: Catorce mil setecentos nove euros con trinta céntimos (14.709,30 €) que serán asumidos polas partes na porcentaxe e importe que se indica a continuación:

| | | |
|---|-------------|--------------------|
| ➤ Axencia Galega de Desenvolvemento Rural | 80% | 11.767,44 € |
| ➤ Concello de As Neves: | 20% | 2.941,86 € |
| TOTAL | 100% | 14.709,30 € |

- Aplicación orzamentaria 15.A1.712A.760.0 -Código proxecto 2017 00003 dos orzamentos da Axencia para o ano 2025 "Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".
- Plan Estratéxico de Galicia:

| Integración no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 | | |
|--|------|---|
| Proxecto 2017 00003 | | |
| Eixo | E3 | Competitividade e crecemento |
| Prioridade de actuación | PA05 | Aproveitar as potencialidades de Galicia cara un sector primario moderno e competitivo. |
| Obxectivo estratéxico: | E06 | Contribuír o desenvolvemento económico e social en zonas rurais e costeiras. Mellorar as condicións de vida no territorio rural galego, especialmente a través dunha mellora das infraestruturas, mellora no acceso aos servizos básicos e creación de emprego. |
| Obxectivo operativo | OI01 | Actuacións de soporte e apoio (gasto de funcionamento) |





| | | |
|--|--------------------|--------------------|
| Aplicación orzamentaria 15.A1.712A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2025, código de proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural". | | TOTAL |
| Importe | 2025 | 11.767,44 € |
| | 11.767,44 € | |

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación rematará o 15.11.2025 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2025.

- Orzamento xeral

| Capítulo | Partidas | Importe |
|---------------------------------|---|-------------|
| 01 | Panel informativo planimétrico natural | 3.500,00 € |
| 02 | Poste de dirección baixo 1 placa | 2.565,00 € |
| 03 | Poste de dirección baixo 2 placas | 115,00 € |
| 04 | Placa direccional sobre base de madeira | 140,00 € |
| 05 | Poste 1 frecha | 1.050,00 € |
| 06 | Poste 2 frechas | 780,00 € |
| 07 | Poste recurso con placa informativa | 805,00 € |
| Orzamento de execución material | | 8.955,00 € |
| 13,00% Gastos xerais | | 1.164,15 € |
| 6,00 % Beneficio industrial | | 537,30 € |
| Honorarios técnicos | | 1.500,00 € |
| Base Impoñible | | 12.156,45 € |
| 21 % IVE | | 2.552,85 € |
| Orzamento total obra | | 14.709,30 € |

Nos termos previstos no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións previstas canalizaranse a través de convenios subscritos con concellos, en canto entidades beneficiarias das axudas previstas.

Na tramitación administrativa deste expediente incorporaranse os seguintes informes:

- Informe da Asesoría Xurídica da Consellería do Medio Rural.
- Informe da Intervención Delegada da Consellería do Medio Rural.

Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do





Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O órgano competente para o acordo de convenios, por importe inferior a 900.000 euros que deba concertar a Agader para o axeitado exercicio das súas funcións, é o Consello de Dirección da Agader, que ten delegada a dita competencia na persoa titular da Dirección Xeral da Agader en virtude do apartado Primeiro, II, 7 do acordo do Consello de Dirección da Agader do 11 de xullo de 2013, publicado mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5.8.2013).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O Consello de Dirección
P.D. (Acordo do 11.07.2013)
A directora xeral
M^a Paz Rodríguez Rivera

